



Concello de Guitiriz

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA MATERIAL E TRANSPORTE DE ESTUDANTES NO CURSO 2021-2022

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b y 20.8^a da lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bndstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarios

A presente convocatoria establece como beneficiarias ás familias empadroadas no Concello de Guitiriz que teñan aos menores ao seu cargo matriculados en centros de ensinanza públicos no nivel de Educación Infantil (2^a Etapa, de 3 a 5 anos), 5^o e 6^o de Educación Primaria, ESO, BAC; así como matriculados en ciclos formativos FP básica ou universitarios.

Os solicitantes deberán cumprir, ademais os requisitos recollidos no artigo 13.2 de la Ley 18/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.

Segundo. Obxecto:

LIÑA 1: Axudas ao material escolar. (2^a etapa educación infantil e BAC)

LIÑA 2: Axudas ao transporte. (Universidade, ciclos formativos e FP Básica)

LIÑA 3: Axudas para a mellora da conexión dixital. (5^o e 6^o de Educación Primaria e ESO)

LIÑA 4: Axudas para a adquisición de dispositivos tecnolóxicos. (4^o de ESO e BAC)

LIÑA 5: Extraordinaria para axudas ao transporte para alumnado de Pígaro matriculado no I.E.S Poeta Díaz Castro.

Terceiro. Bases reguladoras.

As bases reguladoras publicaranse na sede electrónica <https://concellodeguitiriz.sedelectronica.es>

Cuarto. Contía:

A/ LIÑA 1: Limite de ingresos e importes máximos das axudas para familias beneficiarias de axudas ao material (Educación Infantil e BAC)

- Familias cunha Renda per Cápita menor de 5400 €: ata 150 €.
- Familias cunha Renda per Cápita entre 5400€ e 9000 €: ata 100 €

B/ LIÑA 2: Limite de ingresos e importes máximos das axudas para familias beneficiarias das axudas ao transporte (Grao, Ciclos formativos de Grao medio ou superior, Enseñanzas superiores, ...)

- Familias cunha Renda per Cápita menor de 5400 €: ata 500 €
- Familias cunha Renda per Cápita entre 5400 € e 9000 €: ata 300. €

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 4LQKGSHC9M5RD4AMYFEZAEZJ | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Guitiriz

C/ LÍÑA 3: Limite de ingresos e importes máximos das axudas para as familias beneficiarias

- Familias cunha Renda per Cápita menor de 5400 €: ata 200€
- Familias cunha RPC entre 5400 e 9000 €: ata 100 €

D/ LÍÑA 4: Limite de ingresos e importes máximos das axudas para familias beneficiarias:

- Familias cunha Renda per Cápita menor de 5400 €: ata 500
- Familias cunha Renda per Cápita entre 5400 e 9000 €: ata 300 €

E/ LIÑA EXTRAORDINARIA: Sen límite de ingresos.

- Ata 200 € mensuales

Os importes anteriores poderán reducirse en proporción ás solicitudes achegadas tendo en conta o límite orzamentario aprobado.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación será dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria destas bases no Boletín Oficial da Provincia ata o 15/10/2021.

A alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 4LQKGSHC9M5RD4AMYFEZAEZJ | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2